

xuria cometida por aqueles que agora gobernan a súa cidade.

Cando remataron os parlamentos, sentidos todos, moi especialmente o de Varela Buxán, cantou:


MARIA TERESA NAVAZA

En primeiro lugar darvos as grazas pola asistencia a este acto, que tería que ser moito máis brillante, mais penso que as cidades, os povos, non teñen nada que ver cos seus municipais.

E digo que se no ano 34 foi desterrado naquel biénio negro de Lerroux a Badajoz, parece ser que agora, despois de tantos anos, alguén pretende desterrar de Pontevedra, de novo, a Alfonso Daniel Castelao. Pero xento como Castelao, verdadeiros guieiros do povo de Galiza non poderán ser desterrados nunca da mente da xente que ama e respecta o noso país.

Así comezaba o parlamento da presentadora do acto, María Teresa Navaza, para logo seguir con referencias ao escultor, Bucíños. Fixo, deseguido, referencia á comenencia de que o monumento estivera en Pontevedra, lugar ao que está vinculado fisicamente Castelao desde o ano 1916 e por cuxa demarcación electoral sae elixido deputado no 31 para logo ser desterrado a Badajoz no 'Biénio negro'.

Despois do desterro é relevado por Pórtela Valladares e volta a Pontevedra, non vai a nengun outro sitio. Logo, representando ao Frente Popular no ano 1936 é elixido pola circunscrición de Pontevedra. Hai un vínculo permanente



de Castelao con Pontevedra. Por iso eu desde aquí pediría que, pésié a oposición de determinados municipais —e eu sempre digo que a dereita neste país é contumaz e ignorante— que o povo de Pontevedra, a xente de Pontevedra loite, porque, ademais, este monumento non só vai estar aquí porque o decide unha agrupación, unha agru-



María Teresa Navaza

pación cultural que está traballando arreo pola defensa da dignidade de Galiza, senón que é un monumento que se debe á subscrición popular de todo o povo de Galiza. Nengun organismo oficial debe negar o dereito a que estea aquí.

A final da súa presentación fixo referencia ás dúas características máis marcadas da súa personalidade: a bondade e a lealdade. Rematou facendo referencia ás persoas invitadas, laizando a enfermidade de Teresa Castelao, que lle impedía estar presente no acto e a ausencia dalguns amigos de Castelao, como Xaquín Lourenzo (Xocas), Carballo Calero e Valentin Paz Andrade (autor da mellor biografía sobre Castelao).

Pouco antes de rematar, leu o "Meu Pontevedra", escrito polo rianxeiro no desterro extremeño e xa publicado en A NOSA TERRA, número 212, e presentou a Varela Buxán, o único dos invitados que puido asistir.